

ASUBÍOS

Por **María Sandra López Fernández**

Despois de tantos anos aínda nos gustaba asubiar xuntos.

Alá polo solpor a aira tornábase vermella como a túa boca. Era o noso momento: deixabamos marchar o sol mentres as nosas mans se fundían nun eterno e sutil aloumiño. Nese intre todo se borraba. No crepúsculo esquecíamos a dor e non permitíamos que nada que non fosen as nosas mans engurradas se interpuxera nos asubíos nacentes dos nosos beizos. Case parecíamos os dous mozos que tempo atrás se coñeceran nas festas do pobo e que, ledos e avergoñados, se botaran a bailar ó son da orquestra.

Pero, como ti ben me dicías, as cousas cambiaran. Xa non eramos mozos: agora eramos dous vellos co tempo e o traballo gravados nas costas e con feridas que cicatrizaran sen chegar a pecharse de todo. Eran sinais tan profundos que cando nos viamos espidos nin sequera os percibíamos, pois camuflábanse á perfección coas nosas peles. Mais agochábanse alí no corazón, no interior do peito, termando dos recordos que non se esvaecían e dos que non falabamos nunca para evitar caer na dor; bastábanos unha ollada ás fotografías do aparador para saber que as mágoas retornarían se mencionabamos as feridas que nin os soles puideran borrar. O consolo que nos quedaba estaba nos sorrisos, na perseveranza e no amor que nunca fuxira de nós.

Ata o día en que ti decidiches deixar de asubiar.

—Aínda te acordas do dous de novembro, non si? —murmuraches preméndome lixeiramente a man.

—Acórdoo. Foi o día en que asubiamos a nosa canción por primeira vez.

—E foi un dous o día no que todo se foi, salvo nós.

Baixaches o ton e a túa voz non era máis que un suspiro. O teu sorriso era triste. Non levabas os beizos pintados do teu vermello natural e non mirabas o solpor como faciamos cada día. A túa mirada cristalina estaba perdida máis alá do horizonte, nun baleiro afastado do camiño que decidíramos seguir xuntos despois da sinalada data. Eu sabía que a perda te facía sentir lonxe

de ti mesma, que o botabas en falla e que as túas cicatrices se abriaran todas xuntas nese intre que nos dedicabamos a ti e a min.

—Verémolo de novo cando nos vaíamos nós —respondín tentando reconfortarte—, e deixaremos de sentilo ausente.

—Algúns reencontros traen consigo ausencias...

Cando te mirei, tiñas os ollos pechados e sorríaas con dozura. Souben, polo tacto frío da túa man, que xa non quedaban máis aloumiños nin feridas na túa alma: puidiches reunirte co noso rapaz nunha dimensión na que non me correspondía estar cando menos daquela, aínda que me tería aliviado marchar canda ti.

Despois de tantos anos, e durante moitas horas, días e meses, non me quedou máis que asubiar só. O ritmo non volveu a ser o mesmo sen ti. Xunto coa ausencia del, tiña unha nova ferida no corazón froito do amor, da vida e do teu solpor.